



### Devolución dos libros de texto do curso 2020/21

**Para garantir o cumprimento do protocolo sanitario no centro establécense os días 23, 25 e 28 de xuño** para a devolución dos libros de texto pertencentes ao fondo de libros para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2021/22.

O prazo máximo para devolvelos será o 28 de xuño 2021, non se admitirán devolucións despois dese día e marcarase na aplicación como non devoltos. **A falta de devolución será causa de exclusión** da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2021/22.

O horario establecido polo centro para a devolución é o seguinte:

	Mércores 23	Venres 25	Luns 28
Mañá	De 9:00h a 13:30h	De 9:00h a 13:30h	De 9:00h a 13:30h
Tarde	De 16:30h a 18:30h.	Non hai recollida	De 16:30h a 18:30h.

#### CONDICIÓN DE DEVOLUCIÓN

- Os libros deben ser devoltos en bo estado, forrados, sen marcas de lapis, bolígrafo, pegamento, e sen nome (por favor retírenlle as etiquetas co nome do alumno ou alumna).
- O **ACTIVITY BOOK** non se devolve, considérase material funxible. **O CLASS BOOK é o que hai que devolver**, de ser o caso
- A devolución faise só no espazo habilitado para devolución, **sigan os carteis coas indicacións**.
- Manteñan en todo momento a distancia de seguridade, garden fila e cumpran coas medidas de hixiene e desinfección.
- Si os representantes legais do alumnado así o desexan e o solicitan, recibirán posteriormente un documento de «recollida» dos libros de texto efectivamente devoltos, para iso deberán deixar un correo electrónico para que se lle poida enviar.

**As familias que libremente queiran doar os libros de texto de 3º ou 4º**, adquiridos con fondos propios, para incorporar ao fondo solidario de libros do centro, poderán facelo nas mesmas datas e coas mesmas condicións de devolución.

Bertamiráns, 27 de maio de 2021

A DIRECTORA